

OBRADOIRO
CREANDO PAQUETES EN R

Manuel Febrero Bande e Manuel Oviedo de la Fuente

Departamento de Estatística e Investigación Operativa, Facultade de Matemáticas, Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O obxectivo deste curso é introducir as ferramentas básicas para a creación dun paquete en R integrado coa filosofía xeral do paquete e a súa documentación con vistas a súa publicación no CRAN.

Palabras e frases chave: paquetes en R, Rtools.

1. INTRODUCCIÓN

A creación de paquetes en R por parte dos usuarios é unha das claves do éxito do proxecto. Por un lado, dende o punto de vista do programa, os paquetes permiten estender as súas capacidades en eidos posiblemente demandados polos usuarios. Por outro, dende o punto de vista do programador estatístico, proporciona unha enorme facilidade para difundir o resultados de investigación dun xeito doado, áxil e transparente. Por último, dende o punto de vista do usuario, dálle a potencialidade de dispor dos últimos desenrols estatísticos elaborados por outros usuarios. Usando as facilidades do CRAN, os paquetes de R son unha comfortable maneira de ter coleccións de funcións ou conxuntos de datos que se actualizan periodicamente e reforzan os estándares estatísticos. Pero tamén, dende un punto de vista privado, permiten personalizar o entorno ás nosas necesidades ou compartir os nosos desenrols cos nosos colegas.

O curso cubre os seguintes apartados:

- Deseño e creación de código eficiente en R.
- Definición de clases e métodos.
- Documentación do código.
- Ferramentas para a validación e distribución.
- Interface con outras linguaxes.

REFERENCIAS

R Core Team (2012) Writing R Extensions, <http://cran.r-project.org/doc/manuals/r-release/R-exts.pdf>.